

nicos de insectos”, *Revue de Linguistique Romane* tomo 73, nº. 291-292, 321-369.

Juliá Luna, Carolina (2010): *Estructura y variación en el léxico del cuerpo humano*. Bellaterra: Universitat Autònoma de Barcelona.

Juliá Luna, Carolina (2011): “Procedimientos de creación léxica en las designaciones iberorrománicas del párpado (I)”, *Revista de Filología Románica* 28, 49-68.

Juliá Luna, Carolina (2012): “Procedimientos de creación léxica en las designaciones iberorrománicas del párpado (II)”, *Revista de Filología Románica* 29, 11-31.

Lakoff, George / Mark Johnson (1980): *Metaphors We Live By*. Chicago: Chicago University Press.

Negro Romero, Marta (2012): “Names for the uvula in the west of the Iberian Peninsula: a geolinguistic approach”, *Dialectologia*. Special issue III (<http://www.publicacions.ub.edu/revistes/dialectologiaSP2012/>).

Romero, Mario / Larisa Santos (2002): “As denominacións dos dedos das mans: un estudo motivacional”, en Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/ Consello da Cultura Galega, 303-327.

<sup>1</sup> Para máis información sobre a presenza do campo semántico das partes do corpo humano nos distintos atlas lingüísticos peninsulares, véxase Juliá (2007).

Marta Negro Romero

**NAVAS SÁNCHEZ-ÉLEZ / M<sup>a</sup> VICTORIA (2011):** *EL BARRANQUEÑO, UN MODELO DE LENGUAS EN CONTACTO*. Madrid: Editorial Complutense, 319 pp.

No ano 2011 o servizo editorial da Universidade Complutense de Madrid publicou esta obra dentro da súa colección *Línea*. É froito dos traballos desenvolvidos pola autora ao longo dos últimos 25 anos sobre a lingua na vila portuguesa fronteiriza con España coñecida como Os Barrancos. En palabras de Gabriela Vitorino e João Saramago, autores da presentación do volume, “desde la obra *Filología Barranquenha*. *Apontamentos para o seu estudo*, trabazo póstumo de José Leite

de Vasconcelos, el dialecto barranqueño no había sido descrito de modo tan complejo y sistemático”.

O libro trata sobre a variedade barranqueña, determinada pola mestura de portugués e español ou, como ben matiza a autora, polo contacto de variedades alentexanas con variedades andaluzas occidentais e extremeñas. A investigación da que parte iniciouse nos anos 80 baixo a dirección do Profesor Lindley Cintra e foi posteriormente orientada pola Profesora Isabel Heb Faria co auspicio do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, que tamén colabora na edición.

Estamos ante un traballo que aborda con estrita meticulosidade unha realidade tan intrincada como a das linguas en contacto; e máis neste caso no que se encontran variedades xeográficas (cos seus respectivos estándares por detrás) que deron lugar a unha nova, coa súa propia idiosincrasia. No seu afán por abranguer a cuestión en toda a súa complexidade, a autora bota man de todos os recursos de que pode dispor, recorrendo a bibliografía dos ámbitos dialectolóxico, sociolingüístico, estatístico, antropolóxico, histórico e xeográfico, sen esquecer o fonético, léxico e morfosintáctico. Todo isto fai que o estudo teña unha consistencia incontestable. Ademais, resulta moi interesante a atención que se dá a outras situacións similares de contacto entre variedades portuguesas e españolas; en especial ao chamado “fronteiriço”, denominación baixo a que se agrupan as falas de certas áreas do noroeste de Uru-guai, raianas con Brasil.

Trala introdución, na que se manifestan os obxectivos de afondar na investigación existente sobre o barranqueño e propoñer un modelo de análise para situacións de linguas en contacto, preséntase un primeiro capítulo no que se fai unha detallada contextualización histórica e xeográfica de Barrancos. Nela dáse conta da orixe do asentamento e as posteriores loitas entre portugueses e casteláns polo seu dominio, coas conseguíntes repoboacións. Con moito tino, Navas comenta a evolución da fronteira entre as actuais pro-

vincias de Beja e Huelva, suliñando non só a súa cualidade difusa como barreira, senón tamén, e sobre todo, o espazo de comunicación e intercambio social e económico que propiciou, e do que a bon seguro xurdiu a variedade barranqueña.

Esta variedade foi obxecto de estudo da autora durante anos. Empregou datos recollidos por ela mesma durante dúas longas estadías no lugar (e algunhas outras posteriores, máis breves) que lle permitiron mergullarse na súa realidade, non só lingüística, senón tamén socio-económica e cultural. O material componse dos resultados dunha enquisa deseñada *ad hoc* e complétase con conversas máis ou menos espontáneas con persoas maiores, gravacións feitas por Cintra e os seus alumnos en 1965, datos do *Atlas Lingüístico da Península Ibérica*, do *Atlas Lingüístico e Etnográfico de Andalucía* e numerosas monografías sobre diferentes áreas extremeñas. Todo isto permítelle ofrecer unha caracterización pormenorizada do barranqueño que sempre vén apoiada por datos referentes ás falas veciñas e a outras variedades románicas cando é preciso. Preséntase, ademais, unha descrición da situación sociolingüística en Barrancos na que se teñen en conta as tres linguas en contacto (catro, se incluímos o portugués estándar), os seus ámbitos de uso e as características dos seus falantes.

Posteriormente, abórdase o tema das linguas fronteirizas e as consecuencias do contacto. Estas consecuencias dependen en boa medida das circunstancias en que se produza o intercambio. Logo dunha excelente exposición teórica, e tendo en conta o contexto histórico e lingüístico, a autora conclúe que o barranqueño non é un inter-dialecto nacido da mestura de variedades meridionais portuguesas e españolas, senón que se trata dunha variedade de portugués basicamente alentexano cun forte substrato extremeño-andaluz. Coa cautela que precisan este tipo de afirmacións, a autora matiza as súas palabras aclarando que no barranqueño nótanse tamén influencias

do árabe, o astur-leonés e incluso do galego, e que está inzado de arcaísmos de difícil adscrición. Insiste tamén no feito de que o contacto transfronteirizo foi moi estreito ata hai pouco (polo menos ata a época da posguerra, co contrabando) e que algunhas influencias das variedades españolas ben puideran ser relativamente recentes.

Compáranse o barranqueño e as variedades próximas, con especial atención a certos fenómenos fonético-fonolóxicos, e faise unha relación dalgúns dos seus trazos distintivos máis característicos. Navas fala dunha lingua mixta sistemática, baseándose no feito de que é un código incomprendible tanto para os falantes de portugués como para os falantes de español. Pecha, por tanto, o debate sobre a tipoloxía do barranqueño como variedade emerxente dunha situación de linguas en contacto.

O capítulo final está dedicado á literatura oral e á música popular. Nesta ollada nunca se perden de vista os aspectos lingüísticos, en especial aqueles que teñen que ver coas interferencias e transferencias entre portugués, español e barranqueño. Tras unha extensa e actualizada bibliografía, ofrécense anexos co cuestionario empregado, estatísticas das variables estudadas e a transcripción fonética e ortográfica dunha mostra da fala barranqueña.

Trátase, pois, dunha obra de excelente factura sustentada nunha investigación seria e meticolosa. É un traballo fundamental para o coñecemento do barranqueño, pero ademais supón unha valiosísima aportación para os estudos de linguas en contacto. A metodoloxía empregada, que poderíamos denominar holística pola súa atención a todos os aspectos que interveñen no desenvolvemento histórico do barranqueño, a bon seguro servirá de base para futuros traballos.

David Rodríguez Lorenzo